



Prezados compañeiros e compañeiras:

Para o Consello da Avogacía e para os colexios que o integran, é unha prioridade facilitar aos profesionais unha formación axustada a estándares de calidade elevados. Non so porque nos permite posuír uns coñecementos sempre necesarios para o exercicio profesional, senón tamén porque a sociedade precisa, máis ca nunca, de **avogados e avogadas ben preparados para a defensa dos seus dereitos e intereses.**

Dentro dese compromiso, que temos asumido con decisión, a **Comisión de Formación do Consello da Avogacía Galega** ten deseñado un programa no que, e primeiro lugar, se integra a formación naquelas materias que o Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuíta de Galicia cita: Estranxeiría, Menores e Violencia de Xénero.

Práceme, así, presentar este **Curso de Dereito de Estranxeiría**, confeccionado por **Juan José Vázquez**, asesor en materia de migracións do Concello da Coruña, e estreito colaborador da Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados da Coruña. Quen se matricule nel, pronto apreciará a complexidade do seu coidadoso traballo.

Este curso contén unha sólida base documental e legislativa que pode complementar outros cursos que se realicen sobre a materia, eventualmente, nos colexios de avogados.

Ademais, dentro da plataforma os avogados colexiados coma exercentes poderedes atopar un acceso gratuíta á **base de datos on line** de Xurisprudencia, Lexislación e formularios de Wolters-Kluwer (La Ley), que o Consello ten contratada para todos os alumnos e alumnas daquela condición.

Todo o Consello fica ao voso dispor. Calquera dúbida, observación ou queixa será atendida co maior esmero.

Espero que sexa da vosa satisfacción.
Ferrol, setembro de 2014.

Nieves Santomé Couto,
Presidenta do Consello da Avogacía Galega